

“Hai unha importante verdade antropolóxica insinuada nese emprego da voz *humano*: os humanos nacemos séndoo xa, pero non o somos de todo ate despois. A humanidade plena non é simplemente algo biolóxico, unha determinación xeneticamente programada como a que fai alcachofas ás alcachofas e polbos aos polbos. Os demais seres vivos nacen xa sendo o que definitivamente son, o que irremediabelmente van a ser pase o que pase, mentres que os humanos o máis que semella prudente dicir é que nacemos para a humanidade. A nosa humanidade biolóxica necesita unha confirmación posterior, algo así como un segundo nacemento no que por medio do noso propio esforzo e da relación cos outros humanos se confirme definitivamente o primeiro. Hai que nacer para humano, pero só chegamos plenamente a selo cando os demais nos contaxian a súa humanidade a propósito. A condición humana é en parte espontaneidade natural pero tamén deliberación artificial. O neno pasa por dúas xestacións: a primeira no útero materno segundo determinismos biolóxicos e a segunda na matriz social na que se cría, sometido a variadísimas determinacións simbólicas – a linguaxe a primeira de todas – e a usos rituais e técnicos da súa cultura. A posibilidade de ser humano só se realiza efectivamente por medio dos demais, dos semellantes, é dicir, de aqueles aos que o neno fará axiña todo o posible por parecerse. O home chega a selo a través da aprendizaxe. Pero esa aprendizaxe humanizadora ten unha característica distintiva que é o que máis conta dela. Se o home fose tan só un animal que aprende, podería abondar aprender da súa propia experiencia e do trato coas cousas. Sería un proceso moi longo que obrigaría a cada ser humano a empezar practicamente dende cero, pero en todo caso, non hai nada imposible niso. De feito, boa parte dos nosos coñecementos máis elementais adquirímolos desa forma, a base de relacionarnos grata ou dolorosamente coas realidades do mundo que nos rodea. Pero se non tivéssemos outro modo de aprendizaxe, aínda que quizais lograríamos sobrevivir fisicamente aínda nos ía a faltar o que de especificamente humanizador ten o proceso educativo. Por que o propio do home non é tanto o mero aprender como o aprender doutros homes, ser ensinado por eles. O noso mestre non é o mundo, as cousas, os sucesos naturais, nin sequera ese conxunto de técnicas e rituais que chamamos *cultura*, senón a vinculación intersubxectiva con outras consciencias. Por dicilo dunha vez: o feito de ensinar aos nosos semellantes e de aprender dos nosos semellantes é máis importante para o establecemento da nosa humanidade que calquera dos coñecementos concretos que así se perpetúan ou transmiten. A aprendizaxe a través da comunicación cos semellantes e da transmisión deliberada de pautas, técnicas, valores e recordos é proceso necesario para chegar a adquirir plena estatura humana. Para ser home non abonda con nacer, senón que hai tamén que aprender. A xenética predispónnos a chegar a ser humanos pero só por medio da educación e a convivencia social conseguimos efectivamente selo.”

(Fernando Savater. El valor de educar. Barcelona, 1997)

Cuestións texto:

- 1) Explica cal é o tema do que trata o texto. A continuación, resume o contido do texto nunha serie de conceptos. Por último, resume a mensaxe do texto nunha frase elaborada por ti e que se puidera colocar de encabezamento a modo dun titular de prensa.
- 2) Que diferenza básica establece Savater entre os animais e os seres humanos en relación coa bioloxía? Respecto desta cuestión, explica o significado da última frase do texto.
- 3) Cales son as dúas xestacións polas que pasamos os seres humanos? Con que conceptos poderíamos designar a segunda clase de xestación? Que tipo de xestación foi inexistente ou deficiente nos primeiros anos da vida de Víctor de Aveyron? Que consecuencias tivo esa carencia inicial para o rapaz?
- 4) Cal é a característica específica da aprendizaxe humana? Con outras palabras: que fai que os humanos nos convertamos en humanos? Copia algunha frase do texto para apoiar as túas explicacións.